



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA SEIS DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Expte. Núm.- 2021/G007/000017

Na Casa do Concello de Valdoviño- Sala de Xuntas anexa á Alcaldía, ás dez horas reunese en primeira convocatoria o órgano colexiado meritado, que celebra sesión de carácter ordinario. Presidida polo sr. alcalde don Alberto González Fernández; con asistencia dos/as concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa. Asistidos da secretaría municipal, dona Carlota González Navarro que da FE do acto.

Constátase pois quórum suficiente polo que o alcalde coma Presidente, declara aberta a sesión, na que se adoptan os seguintes acordos conforme á **Orde do Día**

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS: 08.04..21 E 16.04.21.

Sometidas a votación as actas das sesións que se din, quedan aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros asistentes a ditas sesións.

2º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/28.- PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2021/28 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 9 facturas ascende á cantidade de CINCUENTA E DOUS MIL OITOCENTOS NOVENTA EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (52.890,13 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Visto o informe de reparo suspensivo emitido pola intervención municipal en data 27/07/2021 en relación á aprobación e pago das facturas incluídas na citada relación.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2021/28 así como **AUTORIZAR** o correspondente pagamento por importe bruto de 52.890,13 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

Presentadas á **Xunta de Goberno Local** as facturas, así coma o informe de intervención, ésta toma coñecemento e mediante votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Recoñecer as obrigas polos gastos derivados das facturas da relación e ordenar o pago das mesmas.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento dos servizos económicos para o seu coñecemento e trámite.

3º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE URBANISMO.-

A).- Expediente de obra maior.-

Expte. De obras 171/2020 – JOSÉ FRANCISCO HURTADO GARCÍA. Para as obras de construción de vivenda unifamiliar aislada [REDACTED] parroquia de [REDACTED], en solo clasificado como **SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL. ZONA EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AISLADA**, e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto **Manuel Porto Vila**.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente e que é conforme e completa , segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 4 de maio de 2021 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDIA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción de seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Conceder licenza para construción de vivenda unifamiliar aislada no lugar [REDACTED], parroquia de [REDACTED] licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros .

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Manuel Porto Vila e ás condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1:CONDICIONS DA LICENZA) de data 4 de maio de 2021, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor en expediente de debida forma , xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- APROBAR a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 48,08 € ICIO .-2.576 €

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses .

Valdoviño,4 de maio de 2021

O Alcalde,

Asdo.: Alberto González Fernández”

Vista a anterior proposta de Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,
ACORDA:

1º.- Aprobar a concesión da licenza nos termos que figuran na anterior proposta de A Coruña.

2º.- Dar traslado do decreto ao negociado de urbanismo para expedición da licenza e ao negociado de servizos económicos para o seu coñecemento e efectos.

B).- Expte de obra maior.-

Expte. De obras 225/2020 – CHIMENEAS DUNIA S.L.. Para as obras de construción de vivenda unifamiliar e cerre frontal de parcela sita en **[REDACTED]**, parroquia Valdoviño, en solo clasificado como **SOLO URBANO. ZONA DE RESIDENCIAL EXTENSIVA.,** e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto **Francisco Javier Piñón Carro.**

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente e que é conforme e completa , segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 3 de maio de 2021 en sentido **FAVORABLE.**

Esta **ALCALDIA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción de seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Conceder licenza para construción de vivenda unifamiliar aislada e cerre frontal da parcela sita en **[REDACTED]** parroquia de VALDOVIÑO, licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros .

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Francisco Javier Piñón Carro e ás condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1:CONDICIONS DA LICENZA) de data 3 de maio de 2021, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor en expediente de debida forma , xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- APROBAR a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 48,08 € ICIO .-2.079 €

Cuarto.-APROBAR conforme o ANEXO II, o presuposto de contrata da obra urbanizadora estimada, que deberá garantir o solicitante, a cantidade de: 2.341,49 €

Quinto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses .

Valdoviño, 4 de maio de 2021
O Alcalde,
Asdo.: Alberto González Fernández”

Vista a anterior proposta de Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,
ACORDA:

1º.- Aprobar a concesión da licenza nos termos que figuran na anterior proposta de A Coruña.

2º.- Dar traslado do decreto ao negociado de urbanismo para expedición da licenza e ao negociado de servizos económicos para o seu coñecemento e efectos.

4º.- AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL POR SITUACIÓN DE NECESIDADE.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL POR SITUACIÓNS DE NECESIDADE

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de aprobación das axudas de emerxencia social de D^a C.M.N., L.G.A., L.M.D.A. e C.T.E., visto o informe de intervención do 20/04/2021 e visto o informe técnico da traballadora social Elva M^a García Duro, que se transcribe a continuación:

INFORME- PROPOSTA DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA SITUACIÓNS DE NECESIDADE SOCIOECONÓMICA

Elva M^a García Duro (colx.:3549), Traballadora Social do Concello, en relación coas demandas presentadas por varias familias usuarias dos Servizos Sociais comunitarios (titulares: C.M.N., L.G.A., L.M.D.A. e C.T.E.)

INFORMO

1. *Que foron valoradas polo persoal do departamento as demandas identificadas e comprobada a súa necesidade real.*
2. *Que a situación socioeconómica e familiar das persoas nas que se identifica a necesidade é:*
 - 2.1. **C.M.N.:** *familia de catro membros composta pola nai e tres fillos menores de idade. Debido a un problema de saúde, os ingresos reducíronse considerablemente sendo insuficientes para a cobertura das necesidades básicas. Con expediente aberto en servizos sociais dente o ano 2016 aínda que levaban dous anos sin precisar de apoio externo para cubrir necesidades e manter os pagos ao día. Con expediente aberto, así mesmo, no Programa de Educación Familiar municipal. A necesidade actual agora require de apoiar co pago de dous meses do aluguer que teñen pendente.*
 - 2.2. **L.G.A.:** *trátase dun fogar unipersoal. Non dispoñía de expediente aberto posto que é a primeira vez que acode aos servizos sociais. Persoa traballadora de servizos (hostelería) que fai uns meses se viu afectada por un ERTE (aínda pendente de resolución) e na actualidade non dispón de ingresos suficientes para facer fronte a cobertura das necesidades básicas. Solicita axuda para o pago do*

aluguer deste mes que aínda ten pendiente sendo preciso estar ao día do pago para solicitar a axuda do aluguer para persoas afectadas por mor da Covid-19.

2.3. **L.M.D.A.:** familia de tres membros (unha parella e o seu fillo dun ano de idade). Na unidade de convivencia non se perciben prestacións económicas periódicas regulares, os escasos ingresos cos que contan son únicamente os procedentes de actividades na economía mergullada (él adícase á limpeza de fincas). Solicitouse IMV e teñen resolución desestimatoria pola existencia dunha débeda contraída no réximen de autónomos.

A necesidade actual require de apoiar coa adquisición dun electrodoméstico básico da vivenda (frigorífico) ao estropearse o que tiñan. O importe sería de 299 € a favor do establecemento "Electrodomésticos Nito S.L." por ser o importe mellor valorado segundo orzamento.

2.4. **C.T.E.:** unidade de convivencia de 5 membros, matrimonio e tres fillos menores de idade, que carece de ingresos para facer fronte á maioría dos gastos ordinarios e extraordinarios (mesmo lles custo cubrir as necesidades básicas de vivenda, alimentación, hixiene, etc). Con expediente aberto en servizos sociais dende xaneiro de 2020, data na que se trasladan procedentes de Uruguai. Perceptores de apoio por parte doutros sistemas para cobertura de necesidades básicas. O pai conseguiu un traballo en Fene pero é imprescindible para a súa continuidade que obteña un permiso de circulación que lle facilite os desprazamentos (turnos rotativos).

A necesidade actual require de apoiar co pago do permiso AM. O importe sería de 313,20 € (inclúe matrícula, prácticas e dereito a exame) a favor da autoescola COFEPA por ser o importe mellor valorado segundo orzamento.

Que tal e como se sabe existe crédito dispoñible na partida orzamentaria contemplada para tal fin para facer fronte aos gastos que se propoñen.

PROPOÑO

A aprobación das axudas de emerxencia social propostas:

- Para o caso de **C.M.N.** conceder unha axuda económica para sufragar o gasto de **aluguer (dous meses) por importe de 400€ (200€/mes).**
- Para o caso de **L.G.A.** conceder una axuda económica para sufragar o gasto de **aluguer dun mes por importe de 300 €.**
- Para o caso de **L.M.D.A.** conceder unha axuda económica para a **adquisición dun frigorífico por importe total de 299€.**
- Para o caso de **C.T.E.** conceder unha axuda económica para **aboar o Permiso AM por importe total de 313,20€.**

o GASTO TOTAL = 1312,20 €

* Unha vez aprobadas a axudas, **os alugueres indicados serán aboados ás persoas propietarias das vivendas e a adquisición do electrodoméstico así como o permiso de conducción serán aboados aos establecementos provedores (Electrodomésticos Nito S.L. e Autoescola COFEPA) logo de presentada a correspondente factura no Concello.**

PROPOÑO

Á Xunta de Goberno Local a aprobación da concesión das axudas de emerxencia social de C.M.N., L.G.A., L.M.D.A. e C.T.E. por un importe total de 1312,20 € destinado a sufragar os gastos de aluguer nos dous primeiros casos (C.M.N. e L.G.A.), á adquisición dun frigorífico no caso de L.M.D.A. e o abono do Permiso AM no caso de C.T.E.

Valdoviño, 29 abril de 2021

Alberto González Fernández

O Alcalde”

Visto pola **Xunta de Goberno Local** os informes da Traballadora Social e o propostoa pola Alcaldía, ésta mediante votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión de axudas de emerxencia social referidas no informe e proposta e nos términos descritos, recoñecer as obrigas polos gastos derivados e ordenar o pago das mesmas.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento dos servizos sociais así coma ao departamento de servizos económicos para a súa tramitación.

Despois de ver a proposta de Alcaldía que antecede, a **Xunta de Goberno Local** en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o proposto.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á área de Cultura do Concello para a tramitación da solicitude e ao departamento de servizos económicos.

5º.- PARTICIPACIÓN NA SUBVENCIÓN:”DESENVOLVEMENTO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DUNHA ENTIDADE LOCAL CARENTE DE SERVIZO LINGÜÍSTICO.-

“Vista a *ORDE* do 24 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento PL400A).

PROPONSE

Participar en dita convocatoria para programar actividades na modalidade de axuda de “desenvolvemento de dinamización lingüística dunha entidade local carente de servizo lingüístico”.

A actividade será planificada conxuntamente polas áreas de cultura e servizos sociais e consistirá na creazón dun espazo dixital específico para mozos e mozas coa finalidade de dotalo progresivamente de contidos relacionados coas áreas de saúde, prevención, educación, e outros presentados nunha linguaxe cercana e participe das persoas destinatarias usando como lingua vehicular a galega.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.
Valdoviño, 4 de maio de 2021.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández”.

Despois de ver a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a súa aprobación, e o traslado do acordado ás áreas municipais de Cultura e de Servizos Sociais para o seu desenvolvemento.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

O Alcalde presenta por via de urxenza o seguinte punto, dado que é preciso resolver a execución da obra, prolongada no tempo. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade ratifica a urxenza, polo que se inclúe dito punto na Orde do Día:

.- EXECUCIÓN DE AVAL (FIANZA) DA OBRA: “CAMPO DE FUTBOL DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE”

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data oito de outubro de dous mil vinte no que se acorda a aprobación da resolución do contrato por mutuo acordo entre o Concello de Valdoviño e a empresa MECANO SPORT S.L.

Vistos os informes remitidos polo técnico director de obra do proxecto básico e de execución, modificado 1 do campo de fútbol de herba artificial do campo de fútbol artificial de Mourente, de datas 22.02.21 , resumidos en:

- a) Obras pendentes de certificar: 143.587,15 €
- b) Deficiencias de obras executadas: 10.735.,92 €

Visto o escrito presentado por Mecano Sport S.L. adxudicatario da obra manifestando a súa desconformidade co devandito informe técnico.

Visto o informe do director da obra no que indica que unha vez estudias as alegacións presentadas por Mecano Sport S.L., se ratifica no indicado nos informes técnicos.

De conformidade co artigo 63 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, a Caixa Xeral de Depósitos, ou a Caixa ou establecemento público equivalente da Comunidade Autónoma ou Entidade Local, executará as garantías a instancia do órgano de contratación de acordo cos procedementos establecidos na súa normativa reguladora.

Visto canto antecede e de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Esta **ALCALDIA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción de seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Requirir á Entidade ABANCA a execución da garantía definitiva prestada polo contratista MECANO SPORT S.L., adxudicatario da obra: “**CAMPO DE FUTBOL DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE**” co nº de operación 320190000057 e que ascende ao importe de 11.095,85 € euros.

SEGUNDO. Proceder á notificación do presente Acordo ao avalista e ao contratista.

Valdoviño.
O Alcalde: Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da anterior proposta de Alcaldía.

PARTE DE ACTIVIDADE:

6º.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PARA A SEGURIDADE DO COVID-19.

Asistentes:
Alberto González Fernández- Presidente
Rosa Ana García López
Sergio Saavedra Gutiérrez
Jessica Sabín Fernández
Alejandro Antonio García Sousa.

Sinala o sr. alcalde que se está pendente de nova información sobre normas despois do fin do estado de alarma o vindeiro nove de maio.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non houbo rogos nen preguntas

Tratados os asuntos da Orde do Día cando son as dez horas e trinta minutos, a sesión queda levantada polo Presidente. Estendese a presente acta , que coma Secretaria, CERTIFICO.

Documento asinado electrónicamente na marxe do mesmo pola secretaria municipal e polo alcalde.